

PENA PRESAS, M. (2018). A voz insurrecta. María Victoria Moreno, entre a literatura e a vida. Vigo: Galaxia. 177 p.

Desde 1963 celébrase en Galicia todos os anos O Día das Letras Galegas. Celebrámolo o 17 de Maio (neste día de 1863 editouse en Vigo Cantares Galegos de Rosalía de Castro). Para cada ano a Real Academia Galega sinala un autor ou autora (tendo transcorrido polo menos 10 anos da súa morte) e para este presente a Academia indicou o nome da profesora e escritora M^a Vitoria Moreno Márquez (1939-2005). Con este propósito escríbense habitualmente distintos textos e achegas sobre a devandita figura e editáanse ou reeditáanse textos seus. É o que agora mesmo comeza a ocorrer.

Ao caso, entre as varias reedicións e estudos que agora aparecen, paga a pena referirse ao estudo que ven de realizar unha nova profesora universitaria, pero xa con bo dominio da escritura, boa coñecedora dos rexistros narrativos literarios e con vis comunicadora e boa captación de emocións, no que constrúe para o lectorado un relato biográfico excelente. Sen dúbida na nosa comunidade lectora aprendemos a amar os relatos que varias das nosas colegas elaboraron sobre as 'mestras da República'. Pois ben, aquí temos un relato sobre -digámoslo así- unha das profesoras da pasada Transición, aínda que o seu exercicio docente comeza en outubro de 1963 e esténdese ata o 2002.

Con varias particularidades no caso desta profesora escritora: sendo nada en Cáceres e habitante de Segovia, universitaria na Complutense (Filoloxía Románica), logo de realizar os estudos secundarios nos anos 50 en Barcelona, inicia a súa ac-

tividade docente no Instituto Feminino da cidade de Pontevedra en 1963, e xa a súa actividade docente realizarase sempre en Galicia, aínda que en distintos Institutos. Nun deles e na cidade de Lugo (mediados dos anos sesenta) será gañada para causa da lingua galega, lingua das xentes populares, e entenderá que a dignificación humana tiña que pasar na súa acción docente porque dita lingua fose pan do día na comunicación co alumnado que comezaba a chegar aos institutos públicos procedendo de medios rurais populares. Ela, que é profesora e será catedrática de lingua e literatura española, que ama as linguas, o latín e o francés, que ensina, e tamén o portugués, o catalán e o italiano que chegará a traducir, ademais do castelán, como non podería ser doutro xeito.

Unha profesora cunha central dedicación á escola, ao ensino: «O meu corazón florece nas aulas» tivo ocasión de escribir en 2004 no seu Diario da luz e da sombra, sendo pois moi consciente da súa actuación docente, que ao tempo se compromete con palabras daquela claramente 'menosprezadas' na tribuna académica. Ese fío converterase nunha forza creadora: María Vitoria Moreno en 1972 comezará a escribir con continuidade textos para nenos e novos (como lectores primeiros) mediante narrativa breve: libros de contos como o Mar adiante de 1973; un barco-escola desde o que é posible realizar 'outra educación' feita de observación da natureza e de experiencias. Os seus títulos ata o 2005 son numerosos e unha parte deles están traducidos ao castelán, ao catalán e ao eusquera: como Leonardo e os fontaneiros ou Anagnórise, libro que aínda seguen lendo os adolescentes que agradecen o

que nel se conta e as cuestións que nel se reflicten.

Vanse entrelazando na súa vida, xunto aos aspectos de atención familiar, a docencia, a escritura, a presenza ateneísta, as campañas de animación á lectura, o ser parte de xurados literarios e o impulso de coleccións literarias como <Árbore>, que impulsou a editorial Galaxia cara ao mundo dos novos, coa recepción dalgún destacado premio literario. Unha escritura que formula como unha continuidade da acción docente: os ex-alumnos e ex-alumnas recordan as súas clases, o seu vigor e a súa emoción, a que está igualmente nunha coitada escritura da que non se ausentan nin

as contradicións, nin os desfavorecidos nin o canto á vida.

Unha profesora que, segundo Montse Pena, «convertía a argumentación e ou afecto na súa mellor arma» (p. 153). Unha voz que pode ser caracterizada como voz insurrecta, por canto que escribe sabendo que rompe fronteiras feitas de autocontrol de 'pensamento correcto', de conservadurismo social e político, de políticas de xénero...e de medos. María Victoria Moreno adiante cara ao horizonte e con iso animou a outras e outros a percorrer camiños de vida similares.

Antón Costa Rico
USC